

INSTRUCCIÓN PARA SEGUIR APRENDENDO NA CASA LINGUA GALEGA

2º DE BACHARELATO

Ola a todos, a situación convídanos a quedar na casa e organizarmos o traballo de aquí a remate de curso o mellor que poidamos.

O que nos queda de curso teriamos que completar os seguintes temas literatura:

7.- A Nova Narrativa Galega. Características, autores e obras representativas.

8.- O teatro galego entre 1936 e 1975: a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.

9.- A literatura do exilio entre 1936 e 1975: poesía, prosa e teatro.

10. A poesía de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Poetas e tendencias actuais máis relevantes.

11.- A prosa de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Prosistas e tendencias actuais máis relevantes.

12. O teatro de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Dramaturgos, tendencias e compañías actuais máis relevantes.

E un tema do apartado de Sociolingüística:

6. O galego a finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

O resto, tiña pensado facer un repaso de cuestións gramaticais: infinitivo conxugado, perífrases, os usos do pronome átono e a súa colocación, construcións impersoais, algúns aspectos de sintaxe... Podedes ir mirando explicacións e exercicios na seguinte páxina que xa coñecedes:

www.ogalego.eu

Unha boa idea é irdes adiantando a lectura obrigatoria que, en principio era unha novela de M.^a Xosé Queizán a elixir:

Amor de tango

Ten o seu punto a fresca rosa

Se tedes dificultades para atopalos, pode ser calquera novela escrita nos 70, 80 ou 90 por algún dos autores e autoras presentes no programa.

Eu estarei en contacto convosco a través do meu correo electrónico:

anxosg@edu.xunta.es